

SELECCIÓN DE DEZ PROXECTOS MUSICAIS PARA A CONTRATACIÓN DE DEZ *SHOWCASES* NO MARCO DO FOCUS GALICIA 2023

Asunto: Corrección de erro material, de feito ou aritmético.

ANTECEDENTES ADMINISTRATIVOS

Primeiro.- Con data 15 de setembro de 2023 o director da Axencia Galega das Industrias Culturais ditou resolución pola que se declaran os proxectos seleccionados para participar no Focus Galicia, en virtude do disposto no punto 9 das bases reguladoras do procedemento de selección. Dita resolución foi publicada na páxina web da Axencia Galega das Industrias Culturais en data 19 de setembro de 2023.

Segundo.- Que se detectaron unha serie de erros materiais na devandita resolución.

FUNDAMENTOS DE DEREITO

Primeiro.- O artigo 109.2 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas establece que as Administracións Públicas poderán, así mesmo, rectificar en calquera momento de oficio ou a instancia dos interesados, os erros materiais, de feito ou aritméticos existentes nos seus actos.

Segundo.- A rectificación que se pretende levar a cabo pola presente obedece a erros materiais, que non poden ser fonte de dereito, xa que son claros e evidentes, non requiren operacións de cualificación xurídica ou xuízos valorativos, configurándose como simple erros materiais por tratarse de simples equivocacións.

Por todo o que antecede e, ao amparo do devandito artigo 109.2 da Lei 39/2015, procédese a rectificar os seguintes erros materias na resolución ditada:

Onde di:

“PROCEDEMENTO: Contratación de dez showcases no marco do Focus Galicia 2023.”



Debe dicir:

“PROCEDEMENTO: Selección de dez showcases no marco do Focus Galicia 2023.”

Onde di:

“3. Adxudicar dez showcases ás entidades seleccionadas, polos importes que se expresan, en base ao disposto no punto 10 das bases reguladoras do procedemento de selección, dando lugar ao Anexo V que reflicte as entidades susceptibles de ser adxudicatarias co importe asignado a cada unha delas (IVE excluído).”

Debe dicir:

“3. Declarar os dez proxectos que se relacionan no Anexo V como seleccionados, en base ao disposto no punto 9 das bases reguladoras do procedemento de selección, polos importes calculados de acordo co seu punto 10.”

Onde di:

“Anexo V. Entidades adxudicatarias e importes (IVE excluído)”

Debe dicir:

“Anexo V. Entidades seleccionadas e importes (IVE excluído)”

En Santiago de Compostela, na data da sinatura electrónica.

Jacobo Sutil Nesta
Director da Axencia Galega das Industrias Culturais

